



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Proxecto de Lei de arquivos e do patrimonio documental de Galicia

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Proxecto de Lei de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula o Sistema de Calidade de Xestión da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da Rolda da Muralla comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro a prol do Concello de Lugo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria para Arantón- Santa Subiña (Santa Comba, A Coruña)



ACORDOS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia, a Asociación Galega de Fabricantes de Maquinaira para Pedra, a Asociación Galega de Graniteiros, a Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense, a Asociación Gallega de Pizarristas, a Asociación para el fomento de la investigación cerámica en Galicia, a Asociación Galega de Áridos, e a Asociación de Canteiras de Galicia, para a realización de actuacións que fomenten a dinamización e modernización do sector mineiro e de accións formativas coas que divulgar e fomentar a prevención de riscos laborais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a tramitación do expediente de gasto para a subministración de cento setenta e tres vehículos, en réxime de aluguer, con destino ao servizo de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2008, 2009, 2010 e 2011
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño, para a realización de acumulacións en materia de desenvolvemento rural

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas preprofesionais



A XUNTA APROBA A LEI DE ARQUIVOS E DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA, QUE TEN COMO OBXECTIVO ORDENAR O SISTEMA DE ARQUIVOS, MELLORAR A TRANSPARENCIA, ADAPTAR OS ARQUIVOS ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS E DIFUNDIR O PATRIMONIO DOCUMENTAL GALEGO

- *Trátase da primeira norma neste ámbito coa que contará Galicia*
- *O texto regula a organización, funcionamento e promoción dos arquivos de Galicia, e define os dereitos e obrigas relativos ao patrimonio documental galego*
- *A norma establece a creación do Sistema de Arquivos de Galicia como unha estrutura legal e administrativa que agrupa todos os arquivos públicos da Comunidade e os privados que o desexen*
- *O Sistema de Arquivos ten por obxecto controlar, dirixir e reducir de maneira eficaz o fluxo de documentación que se inicia nas oficinas públicas*
- *A Lei deseña unha estrutura guiada polos principios de coordinación entre Administracións, de autonomía de cada unha delas e de concorrencia de todas na busca da eficacia, a transparencia e a accesibilidade*
- *Fixa a necesidade de valorar e seleccionar os documentos nos arquivos públicos para garantir a conservación dos que posúan valor histórico permanente*
- *O proxecto de Lei adopta as previsións básicas para adaptar a xestión dos arquivos públicos ao contexto dixital*
- *A nova norma regula de modo concreto o acceso dos cidadáns á información contida nos arquivos, contribuíndo a clarificar a relación entre as administracións públicas e os cidadáns nesta materia, aspecto non desenvolvido ata o momento por ningunha lei en Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de arquivos e do patrimonio documental de Galicia, unha norma que ten por obxecto ordenar o sistema de arquivos, mellorar a transparencia, adaptar os arquivos ás novas tecnoloxías e difundir o patrimonio documental galego. O Consello aproba así a primeira norma neste ámbito coa que contará a comunidade autónoma.

Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que aínda non conta cunha lei propia para regular os arquivos e o patrimonio documental. O panorama arquivístico galego actual amosa ademais unha serie de problemas relacionados coa falta de articulación entre a administración e os arquivos, a insuficiencia de persoal e a inexistencia dun modelo uniforme de xestión arquivística, aspectos todos que fan urxente a aprobación dunha lei propia.

Para solventar esta situación herdada, a Consellería de Cultura comezou a traballar neste anteproxecto en setembro de 2006, en colaboración cun grupo de traballo de arquivistas de Galicia, formado por profesionais de recoñecido prestixio das principais entidades arquivísticas do país. As súas consideracións serviron como base do actual anteproxecto.



A nova norma regula por primeira vez de maneira específica a organización, o funcionamento e a promoción dos arquivos de Galicia, ao tempo que define os dereitos e obrigas en relación ao patrimonio documental galego.

A Xunta pretende con esta lei conseguir unha rede de arquivos á altura dun servizo público de máxima relevancia. O proxecto de lei procura aumentar a coherencia e calidade da administración mediante a mellora dos seus servizos de arquivo. A finalidade é artellar un sistema de arquivos cunha maior transparencia á hora de proporcionar información aos cidadáns e que permita unha xestión administrativa máis eficaz.

O documento legal aprobado hoxe polo Goberno galego constitúe un recoñecemento dos arquivos como servizos da máxima relevancia nunha sociedade democrática, e expresa o compromiso do Goberno galego coa consecución dunha rede de arquivos para o país que estea á altura das finalidades constitucionais que estas institucións de depósito cultural deben cumprir.

O proxecto de Lei establece que a función dos arquivos públicos transcende a de seren servizos públicos de mero depósito cultural, e subliña o seu valor na xestión administrativa. Así, a Lei de arquivos e do patrimonio cultural establece como funcións propias dos arquivos facilitar a xestión administrativa, garantir e testemuñar os dereitos e os deberes da Administración e dos cidadáns e proporcionar información consonte os principios de transparencia e calidade.

O elemento fundamental do proxecto de Lei é a creación do Sistema de Arquivos de Galicia como unha estrutura legal e administrativa que agrupe todos os arquivos públicos galegos e os privados que o soliciten. Este novo organismo ten por obxecto controlar, dirixir e reducir de maneira eficaz o fluxo documental que se inicia nas oficinas públicas.

Ao controlalo e dirixilo, o sistema de arquivos contribúe a garantir a conservación indefinida do contexto administrativo dos documentos e, por tanto, a súa autenticidade, así como a transparencia das administracións e o exercicio do dereito de acceso aos documentos por parte dos cidadáns. Ao reduci-lo, favorece a eliminación da redundancia informativa, asegura a eficacia e a eficiencia da administración e facilita a conservación permanente do patrimonio documental do país.

Estrutura da lei

O proxecto de lei estrutúrase en catro títulos. O título I adícase a fixar o obxecto da lei, o seu ámbito de aplicación, así como as definicións e principios que lle dan sentido. Os títulos II e III conforman o núcleo regulador fundamental deste texto.

O título II está dedicado ao Sistema de Arquivos de Galicia, no que se integran todos os arquivos públicos de Galicia e aqueles privados que o desexen. O proxecto de lei deseña unha detallada estrutura organizada por tres principios:



- a coordinación e colaboración entre as distintas administracións públicas
- a autonomía de cada unha delas para organizarse
- a concorrencia de todas na consecución dos obxectivos xerais e eficacia, transparencia, facilitar o acceso á cultura e conservación do patrimonio documental

O Sistema de Arquivos de Galicia estará encabezado por un órgano administrativo de dirección e coordinación, dentro da Consellería de Cultura. Contará con dous órganos asesores: o Consello de Arquivos de Galicia e a Comisión Nacional de Avaliación Documental de Galicia. Por último establécense varios subsistemas de arquivos: Xunta de Galicia, Parlamento, Poder Xudicial en Galicia, subsistemas dos órganos estatutarios (Consello de Cultura, Consello de Contas, Consello Consultivo, Valedor do Pobo), entidades locais, universidades, corporacións de dereito público e arquivos privados integrados.

A regulación da lei afectará tamén aos arquivos de titularidade estatal que teñen transferida a súa xestión á Xunta, por seren parte esencial do sistema galego de arquivos.

O título III, Funcións e funcionamento dos Arquivos Públicos, fai explícitas as razóns de ser dos arquivos do Sistema. O proxecto de Lei de arquivos e do patrimonio documental regula de modo concreto o acceso dos cidadáns á información contida nos arquivos, contribuíndo a clarificar a relación entre as administracións públicas e os cidadáns nesta materia, aspecto non desenvolvido ata o momento por ningunha lei en Galicia.

Así mesmo, o proxecto de lei desenvolve medidas específicas destinadas a fomentar e difundir o patrimonio documental galego. Nestas medidas faise especial fincapé nas obrigas de conservación e acceso do patrimonio documental en mans privadas, e establécese unha obriga de colaboración da Igrexa Católica respecto do patrimonio documental galego do que sexa depositaria en Galicia.

Ademais, en relación co patrimonio documental, o proxecto de Lei establece a necesidade de valorar e seleccionar os documentos nos arquivos públicos de Galicia para garantir a conservación daqueles que posúan un valor histórico permanente. Neste sentido, a norma concreta un procedemento de valoración, selección e eliminación que debe ser executado nos arquivos públicos.

Adaptación ao contexto dixital e reutilización de información

A nova lei servirá tamén para adaptar a xestión dos arquivos públicos ao actual contexto de uso xeral das novas tecnoloxías e a proliferación de documentos dixitais. Deste xeito, a nova lei introducirá unha regulación específica dos documentos ou expedientes electrónicos.

Finalmente, o título IV reúne os elementos definitorios da potestade sancionadora despregada para garantir o cumprimento das determinacións previstas no proxecto de lei. Así, recolle o cadro de infraccións e sancións, así como os elementos procedimentais



necesarios para garantir a imposición das sancións. A norma prevé a imposición de multas que, en función da súa gravidade, poden chegar a oscilar entre os 3.000 euros dunha infracción leve ata 1 millón de euros das moi graves.



O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO DE LEI DE PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAIS MÁIS REPRESENTATIVAS DE GALICIA

- *Trátase dun dos nove acordos que constitúen o ‘Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego’, acadado no seo do proceso de Diálogo Social en Galicia*
- *A participación institucional defínese como o exercicio de tarefas e actividades de promoción e defensa dos intereses xerais, comúns, sectoriais e intersectoriais nos órganos de asesoramento e participación da Administración autonómica*
- *Para determinar o número de representantes das organizacións sindicais e empresarias nos organismos públicos de Galicia aplicarase o criterio de maior representatividade no ámbito autonómico e de paridade*
- *O ámbito de aplicación desta lei serán os órganos de asesoramento e participación dos organismos autónomos e demais entidades de dereito público da Comunidade autónoma, incluídos os organismos dependentes das diferentes consellerías que teñan atribuídas competencias con carácter laboral, social, económico*
- *A participación institucional farase efectiva na elaboración, seguimento e execución dos plans de desenvolvemento rexional, nos plans xerais de actuación sobre emprego e formación profesional, os plans xerais de actuación sobre o desenvolvemento empresarial e industrial e os plans xerais de actuación social e sanitaria*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de Lei de participación institucional das organizacións sindicais e empresarias máis representativas da Comunidade galega. Con este texto, Galicia recolle claramente nunha norma con rango legal o compromiso do Goberno galego de recoñecer a implicación e participación dos axentes sociais na vida económica e social do país. Así mesmo, o Goberno autónomo dá cumprimento a un dos nove pactos que constitúen o *Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego*, acadado no seo do proceso de Diálogo Social en Galicia. Estes pactos representan e constitúen os piares fundamentais das propostas de acción e dos obxectivos do Goberno galego neste ámbito.

A participación institucional, tal e como se recolle no texto do proxecto, defínese como o exercicio de tarefas e actividades de promoción e defensa dos intereses xerais, comúns, sectoriais e intersectoriais, que corresponden a todos os traballadores e empresarios, nos órganos de asesoramento e participación da Administración autonómica, así como nas entidades e organismos públicos dependentes.

O obxectivo deste proxecto de lei é fixar os criterios para determinar a participación das organizacións sindicais nos órganos de asesoramento e participación de Galicia, dado que nestes momentos non existen uns criterios mínimos e homoxéneos para todas as consellerías que regulen esta participación. Polo tanto, considerase necesario ditar unha



lei que regule e ordene os criterios para determinar a participación das organizacións sindicais nos órganos de asesoramento e participación de Galicia.

Así mesmo, constitúe tamén un obxectivo desta lei regular os correspondentes mecanismos de avaliación, seguimento e control, para que a xestión das compensacións previstas para fomentar o dereito de representación institucional se realice con total transparencia.

Estrutura da lei

O proxecto de Lei hoxe aprobado consta de tres títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O primeiro título, Disposicións xerais, establece o obxecto da lei, os criterios de representatividade das organizacións sindicais e empresariais e o ámbito de aplicación. Para determinar o número de representantes das organizacións sindicais e empresarias nos organismos públicos de Galicia aplicarase, segundo estipula o proxecto de lei, o criterio de maior representatividade no ámbito autonómico e de paridade entre as representacións sindicais e empresariais. Cómpre sinalar que a designación das persoas representantes das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de carácter intersectorial realizarase de conformidade coas propostas formuladas por estas organizacións, a través dos seus órganos de dirección.

O ámbito de aplicación desta lei serán os órganos de asesoramento e participación dos organismos autónomos e demais entidades de dereito público da Comunidade Autónoma, incluídos os organismos dependentes das diferentes consellerías que teñan atribuídas competencias con carácter laboral, social, económico, así como competencias en materia socioeconómica e de fomento do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Cómpre sinalar que a participación institucional, regulada nesta lei, se levará a cabo sen menoscabo da representación que corresponde aos representantes dos diferentes intereses sectoriais nos órganos de carácter sectorial nos que xa están representados.

Dereitos e deberes

O título segundo regula o contido da participación institucional e os dereitos e deberes dos participantes. Segundo estipula a nova norma, a participación institucional farase efectiva a través da presenza da representación das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas na elaboración, seguimento e execución dos seguintes plans:

- Plans de desenvolvemento rexional
- Plans xerais de actuación sobre emprego e formación profesional
- Plans xerais de actuación sobre o desenvolvemento empresarial e industrial
- Plans xerais de actuación social e sanitaria.



Dentro do exercicio da participación institucional, as organizacións sindicais e empresarias desenvolverán as súas tarefas de acordo cos principios de boa fe negociadora e confianza lexítima.

O texto tamén establece que as persoas que exerzan funcións de participación institucional terán que asistir ás xuntanzas dos órganos de participación institucional nos que teña legalmente recoñecida a súa presenza, custodiar os documentos aos que se teña acceso, gardar a confidencialidade debida sobre as deliberacións producidas nos órganos de participación e non utilizar esa información para fins diferentes.

As entidades e organismos que quedan excluídas da aplicación deste proxecto de lei serían as sociedades privadas, fundacións públicas e sociedades mercantís, que se caractericen por ter un capital de participación maioritario, directa ou indirecta, da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos autónomos, así como as demais entidades de dereito público da Comunidade.



O CONSELLO APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA O SISTEMA DE CALIDADE DE XESTIÓN NOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS DA XUNTA

- *O sistema pretende fomentar a mellora continua, achegar modelos fiables de xestión, favorecer a extensión da cultura da calidade de xestión nos centros directivos da Xunta e a valoración polos cidadáns dos resultados finais de mellora*
- *Porase en marcha un Plan de Animación e Recoñecemento co obxectivo de recoñecer o esforzo dos centros directivos por mellorar a súa xestión*
- *As súas disposicións son de aplicación a todos os órganos administrativos da Administración autonómica, organismos autónomos, entes de dereito público dependentes dela, sociedades e fundacións públicas autonómicas*
- *O Sistema de Calidade e Xestión desenvólvese a través dunha serie de accións de mellora como son a Consolidación Organizativa e autoavaliación con Directrices de Xestión, as Ferramentas e Suxestións de mellora e as Boas Prácticas*
- *A aplicación destas actuacións complementáanse con dous subsistemas: o de gradación da mellora da calidade e o de apoio e asesoramento*

O Consello aprobou hoxe o decreto polo que se regula o Sistema de Calidade e Xestión da Xunta de Galicia. Con esta norma, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende impulsar un conxunto de accións encamiñadas a mellorar a calidade de xestión nos órganos administrativos da Xunta, dando así un paso máis a prol da calidade na administración pública. As súas disposicións son de aplicación a todos os órganos administrativos da Administración autonómica, organismos autónomos, entes de dereito público dependentes dela, sociedades e fundacións públicas autonómicas.

Os fins do Sistema son fomentar a mellora continua, achegar modelos fiables de xestión, favorecer a extensión da cultura da calidade de xestión nos centros directivos da Xunta e a valoración polos cidadáns dos resultados finais da devandita mellora. Entre os seus obxectivos atópanse a integración de todas as persoas que traballan na Administración autonómica no camiño da mellora de servizos; que os plans de mellora sexan participativos e integren ao máximo número de persoas; o fomento na cultura interna da organización de valores que redunden nunha mellora do clima laboral; e a consolidación do principio constitucional de igualdade, o fomento do galego e o respecto ao contorno laboral e ao medio ambiente.

O Sistema de Calidade e Xestión desenvólvese a través dunha serie de accións de mellora recollidas no texto, como son:

- a Consolidación Organizativa e autoavaliación con Directrices de Xestión
- as Ferramentas e Suxestións de mellora
- as Boas Prácticas



A aplicación destas actuacións complementáanse con dous subsistemas: o de gradación da mellora da calidade e o de apoio e asesoramento. O primeiro deles ten por obxecto medir a progresión na implantación destas accións por parte dos diferentes centros directivos; mentres que o segundo ten por finalidade o fomento da implantación e avaliación das accións de mellora e de difusión das levadas a cabo.

O Sistema de Calidade de Xestión está destinado aos centros directivos da Xunta, nos cales se nomeará un responsable de calidade que terá como funcións o impulso, coordinación e supervisión das accións de mellora que se leven a cabo.

Xestión do sistema

O decreto aprobado hoxe establece que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza encargarse, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, de xestionar o Sistema de Calidade de Xestión da Xunta; de elaborar a normativa específica e guías de implantación das accións de mellora da xestión; de definir os requisitos necesarios para acceder aos diferentes graos de calidade; e de levar a cabo actuacións de animación, recoñecemento e difusión da calidade acadada, entre outros.

Así mesmo, o texto sinala que se creará, mediante un decreto, un Plan de Animación e Recoñecemento –integrado no Sistema de Calidade de Xestión– co obxectivo de recoñecer o esforzo dos centros directivos por mellorar a súa xestión, por exemplo, mediante a organización de premios. Así, a Consellería de Presidencia convocará anualmente un premio ás mellores prácticas desenvolvidas polas diferentes Administracións públicas de Galicia. Deste xeito animarase aos centros á consecución dunha mellora continuada na súa xestión.



O GOBERNO GALEGO TRANSFIRE AO CONCELLO DE LUGO A TITULARIDADE DO TREITO DA ROLDA DA MURALLA SITUADO ENTRE A PORTA DE SANTIAGO E A PORTA DE SAN PEDRO

- ***A CPTOPT realizará a transferencia logo de rematar as obras de mellora desa vía, nas que investiu preto de 1,1 millóns de euros***
- ***As obras consistiron na pavimentación, renovación e implantación de servizos de saneamento, abastecemento de auga e canalizacións eléctricas e semafóricas, ademais das habilitacións de zonas verdes e a dotación de mobiliario urbano***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un Decreto sobre o cambio de titularidade a favor do Concello de Lugo do treito da Rolda da Muralla, de 610 metros de lonxitude, comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro. Este tramo, que discorre polo núcleo urbano de Lugo, dá servizo a tráfico de ámbito local e dispón dun itinerario alternativo a través doutras vías que manteñen a continuidade da rede de estradas autonómicas. A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas autonómicas ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes autoriza a transferencia do treito unha vez quedaron rematadas as obras de mellora desa vía, que a CPTOPT executou tras a sinatura dun convenio co Concello. Política Territorial investiu preto de 1,1 millóns de euros nesa actuación, consistente na pavimentación, renovación e implantación de servizos de saneamento, abastecemento de auga e canalizacións eléctricas e semafóricas, ademais da habilitacións de zonas verdes e a dotación de mobiliario urbano.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e co acordo do Concello de Lugo que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do Decreto aprobado hoxe.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS NUNHA CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN SANTA COMBA (A CORUÑA)

- ***O Goberno galego decretou a declaración de utilidade pública e urxente execución da concentración parcelaria da zona de Arantón-Santa Sabiña, en Santa Comba***
- ***O obxectivo desta concentración parcelaria será incrementar a superficie agraria útil de 1.000 hectáreas, actualmente divididas en 5.000 parcelas***
- ***Esta actuación considérase necesaria para o desenvolvemento rural da zona, cunha preeminencia do sector primario, especialmente gandeiro, e para permitir mellorar a súa rendibilidade, potenciar a formación de agrupacións de produtores, a tecnificación do traballo e a comercialización conxunta***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Decreto da Consellería do Medio Rural polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Arantón-Santa Sabiña, no Concello de Santa Comba. Esta decisión suporá a mellora das explotacións agrarias ao facilitar predios de dimensións máis axeitadas para obter óptimos rendementos económicos, mellorar a rede de comunicacións existente, complementada con novos camiños e ampliación doutros antigos.

A dispersión parcelaria e minifundio agrario que presentan os terreos das parroquias de Arantón e Santa Sabiña, posta de manifesto polo Concello de Santa Comba á Consellería do Medio Rural, motivou a realización dun estudo de viabilidade e de valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementar o rendimento dos recursos agropecuarios, do que se conclúe a conveniencia de realizar a concentración parcelaria por razóns de utilidade pública e interese social.

O montante total dos investimentos previstos destinados á realización dos servizos técnicos e obras inherentes ao proceso de concentración parcelaria da zona de Arantón-Santa Sabiña é de 3.520.000 euros, cun custo por hectárea de 3.520 euros.

Os traballos de execución desta concentración parcelaria iniciaránse nun prazo non superior a 6 meses dende a publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA MÁIS DE 270.000 EUROS PARA A DINAMIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SECTOR MINEIRO E O FOMENTO DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

- ***A Xunta asinará un convenio coas asociacións relacionadas cos sectores minerais non metálicos e de augas minerais***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria coas asociacións relacionadas cos sectores minerais non metálicos e de augas minerais para fomentar actividades, proxectos e actuacións que impulsen e eleven a cultura mineira ou contribúan á dinamización e modernización do sector, así como aquelas accións formativas en materia de seguridade e saúde coas que divulgar entre os empresarios e directores facultativos a prevención en riscos laborais.

As asociacións que subscribirán este convenio coa Consellería de Innovación son a Asociación de Balnearios de Galicia, a Asociación Gallega de Fabricantes de Maquinaria para Piedra (GALIMAC); a Asociación Galega de Graniteiros (AGG); a Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense (APG); a Asociación Gallega de Pizarristas (AGP); a Asociación para el Fomento de la Investigación Cerámica en Galicia (AFICEGA); a Asociación Galega de Áridos (AGA) e a Asociación de Canteiras de Galicia (ACG). Este proxecto está financiado integramente por Innovación e Industria, cun custe total de 274.500 euros.

As actividades que se desenvolverán no marco deste convenio potencian e promoven a competitividade do sector da minaría galega tanto a nivel estatal como internacional mediante a elaboración de publicacións, a participación en eventos feirais ou a posta en marcha de accións formativas en combinación coas propias empresas asociadas, como os talleres de formación dirixidos a empresarios e mandos intermedios entre outras.



A XUNTA CONTRATARÁ 163 VEHÍCULOS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS

- ***O Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios contará con 163 vehículos en réxime de aluguer, por importe de 4.243.680 euros***
- ***O contrato de aluguer estará vixente ata o ano 2011***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a contratar a subministración de 163 vehículos en réxime de aluguer destinados á realización da supervisión e da dirección técnica de prácticas forestais preventivas, que se adjudicará polo sistema de concurso e procedemento aberto. O orzamento total será de 4.243.680 euros, distribuídos en catro anualidades.

O concurso prevé tres lotes. O primeiro lote está constituído por 62 vehículos todoterreo longo para o seu uso por brigadas, o segundo lote por 79 vehículos todoterreo curto destinados a técnicos e axentes forestais e o terceiro lote por 22 vehículos tipo turismo que serán usados por condutores de distrito e de servizos provinciais. A duración total do contrato de aluguer será de tres anos, contados desde a data de entrega da subministración.



A XUNTA E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁN 20 MILLÓNS DE EUROS NA REALIZACIÓN DE OBRAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- ***O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño achegará 15 millóns de euros e a Consellería do Medio Rural, 5 millóns, ao longo dos exercicios 2008 e 2009***
- ***A adopción de plans de reforma de estruturas agrarias contribuirán a reducir as deficiencias persistentes na base territorial das explotacións agrarias de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Consellería do Medio Rural para a realización de actuacións en materia de desenvolvemento rural en zonas das catro provincias galegas, en virtude do reparto competencial existente entre as dúas administracións. O importe do convenio, en vigor para os exercicios 2008 e 2009, ascende a 20 millóns de euros, dos que o Estado realizará unha achega máxima de 15 millóns.

Ambas administracións coinciden na necesidade de reformar as estruturas agrarias e desenvolver actuacións que incidan no aumento da base territorial das explotacións, así como na redistribución da propiedade agraria, para lograr unha adecuada dimensión dos predios, co fin de asegurar a viabilidade das explotacións.

As deficiencias que persisten na base territorial das explotacións agrarias de Galicia urxen a adopción de medidas para aumentar a súa superficie e reformar as estruturas agrarias no país. Neste eido, Medio Rural e o Ministerio de Medio Ambiente, en virtude da política de cooperación que manteñen, realizarán actuacións para impulsar o desenvolvemento do rural galego, relativas a infraestruturas viarias rurais. Entre elas, figuran a mellora e execución de camiños, o acondicionamento de predios e a realización de obras en zonas de concentración parcelaria.

Comisión de seguimento

No convenio tamén se establece a creación dunha Comisión de Seguimento que estará integrada por membros de ambos organismos e que servirá para supervisar a execución e o cumprimento das actuacións planificadas, así como propoñer modificacións, se fose preciso, avaliar os resultados e medir o impacto das actuacións.

As actuacións do Ministerio estarán financiadas con cargo a unha partida específica para a execución do Programa de Desenvolvemento Rural en Galicia, recollida nos Orzamentos Xerais do Estado cunha achega máxima de 15.000.000 euros, e cunha dotación da Consellería do Medio Rural de 5.000.000 euros, financiada a cargo do Plan especial de reforma das estruturas, para os exercicios 2008 e 2009.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA ASINAN UN CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS NO ÁMBITO SANITARIO

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura deste convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña, correspondente ao curso académico 2008-2009***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña, para a realización das prácticas pre-profesionais correspondentes ao curso académico 2008-2009.

Este convenio permitirá ao alumnado coñecer a metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria. Todo isto promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados.

Deste modo, o alumnado da Universidade da Coruña poderán completar a formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade, podendo, en casos concretos, ampliar esta formación a centros do resto da Comunidade cando o aconsellen as necesidades docentes e organizativas.

Nestes centros asistenciais e unidades administrativas designarase un titor ou titora con titulación académica suficiente, encargado de supervisar as prácticas de cada estudante, velando pola formación do alumno ou alumna e polo cumprimento do plan específico fixado polo centro ou unidade. Será este titor ou titora o encargado de emitir un informe sobre as actividades realizadas por cada alumno/a durante o período de prácticas.

A realización destas prácticas, que non constitúen un vínculo laboral nin contractual, manterá a súa vixencia durante o curso académico 2008-2009, ao final do que se prorroga tacitamente salvo que exista denuncia expresa dalgunha das partes.